

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASEIS DE SETEMBRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día dezaseis de setembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (15/07/2010)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día quince de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre designación dos festivos locais para o ano 2011

Dáse conta da comunicación num. 5739 do 21 de xullo do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar para que por parte deste concello se designen os dous días con carácter de festivos locais.

Os grupos Socialista, Popular e TEGA propoñen os días sinalados tradicionalmente, que son o día da festa do Patio (19 de setembro) e o día de Santa Baia



de Vedra (10 de decembro). Pola súa parte a Sra. Guitián do BNG propón o martes de entroido e o día de San Xoán en xuño.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que tradicionalmente o BNG ven proponendo outras datas, intentando acadar un consenso no sentido de manter a Festa do Patio e cambiar a de Santa Baia pola Festa das Dores, e ante a falta de éxito volve a unha proposta máis rompedora, proponendo dúas datas que atinxen a todo o concello independentemente da parroquia da que sexa: o Martes de Entroido e o día de San Xoan

O Pleno con 12 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA , e 1 voto en contra do BNG, acorda aprobar a citada proposta

3º.- Acordo, se procede, sobre aprobación definitiva do Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural de Cimadevila

Dáse conta do expediente de aprobación definitiva do Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural de Cimadevila, aprobado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 8 de xuño de 2010, o Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural de Cimadevila, que foi sometido a información pública durante o prazo de 20 días, mediante anuncio publicado no xornal La Voz de Galicia e no DOG número 128 de data 7 de xullo de 2010.

Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.

Realizada a tramitación legalmente establecida co resultado que consta no expediente en trámite, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o Plan Especial de Mellora do Núcleo de Cimadevila (San Miguel de Sarandón), redactado polo arquitecto Fernando Faya Martínez, para reaxuste parcial de aliñacións nun vial municipal no mencionado lugar de Cimadevila (San Miguel de Sarandón), quedando extinguida a suspensión de licenzas.

Segundo.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no DOG e o texto dos documentos que o integran, así coma o índice de planos do mencionado Plan Especial, no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Notificarlle o presente acordo ós propietarios catastrais afectados.

Cuarto.- Comunicar á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a aprobación do Plan Especial mencionado, dándolle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.

Quinto.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

4º.- Acordo, se procede, sobre aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral



Dáse conta do texto da ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial de dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral (num. 25)

Proponse:

1º.- Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal num. 25 reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de subministracións de interese xeral

2º.- Darlle ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas

3º.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo da Lei Reguladora das Facendas Locais

O Pleno , por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

5º.- Acordo, se procede, sobre delegación na Excma. Deputación Provincial das competencias sobre xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral

Dáse conta da comunicación da Excma. Deputación Provincial donde expón que se modificaron as bases para a prestación de servizos tributarios ós concellos para posibilitar a asunción por parte desta da xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voos das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interés xeral.

Á vista da mesmo proponse:

1º.-Delegar na Deputación Provincial da Coruña a xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A Xestión que poida ser obxecto de delegación, tanto pode afectar ao suposto xeral do artigo 24 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

2º.-Abrir un período de exposición pública de 30 días hábiles dende a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e presentación de alegación.

O Pleno , por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta



6º.- Acordo, se procede, sobre necesidade de ocupación de bens e dereitos e incoación de expediente de expropiación forzosa para a obra de acondicionamento de campo de fútbol 7 (Silva de Arriba -San Miguel de Sarandón)

Dáse conta do expediente en trámite para levar a cabo a expropiación forzosa por razón de urbanismo das parcelas 1064 (na súa práctica totalidade) e dunha pequena porción da parcela 1065 do plano do acordo da concentración parcelaria de Sarandón-Vedra, sitas no lugar de Silva de Arriba da parroquia de San Miguel de Sarandón, co fin de executar o proxecto de Acondicionamento de Campo de Fútbol-7 en San Miguel de Sarandón, redactado polo arquitecto Fernando Faya Martínez.

Tendo en conta que se aprobou pola Xunta de Goberno local o proxecto redactado por Fernando Faya Martínez para Acondicionamento de campo de fútbol-7 en San Miguel de Sarandón.

Con data 1 de xullo de 2010 solicitouse do rexistro da propiedade certificacións rexistradas, que foron emitidas e constan no expediente e con data 14 de xullo de 2010, emitíuse una relación de bens e propietarios afectados pola expropiación urbanística.

Con data 26 de xullo de 2010, someteuse o expediente a información pública durante o prazo de quince días mediante anuncio publicado no BOP de A Coruña número 148 de data 5 de agosto de 2010 e no xornal La Voz de Galicia de data 28 de xullo de 2010, igualmente concedeuse prazo de audiencia aos interesados.

Segundo consta na certificación de secretaría de data 28 de agosto de 2010, no período de información pública foron presentadas as seguintes alegacións: -RXE número 1270/10 de Marcelino López Tato.

Con data 8 de setembro de 2010 emitíuse informe polos Servizos Técnicos Municipais co resultado que consta no expediente e con data 9 de setembro de 2010 informe de Secretaría.

Visto canto antecede proponse:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada por Marcelino López Tato en relación co expediente en trámite polos motivos expresados no informe técnico emitido e do que se remitirá copia ao interesado xunta coa notificación do acordo plenario.

SEGUNDO.- Aprobar con carácter definitivo a relación concreta, individualizada e valorada dos bens e dereitos a ocupar necesariamente para a execución das obras incluídas no proxecto de Acondicionamento de campo de fútbol-7 en San Miguel de Sarandón, así coma a designación nominal dos interesados cos que se entenderán o sucesivos trámites, co seguinte detalle:

Identificación do propietario: Marcelino López Tato

Descrición da finca: Parcela 1064 do plano do acordo da parcelaria de Sarandón

Situación xurídica: Propiedade de Marcelino López Tato, segundo o auto, de data 1 de outubro de 2007, ditado no recurso contencioso-administrativo número procedemento ordinario 0010526/1997.

Valoración: 56.473,88 euros.

Identificación do propietario: Gonzalo Valdés Gestoso



Descrición da finca: Parcela 1065 do plano do acordo da parcelaria de Sarandón

Situación xurídica: Propiedade de Gonzalo Valdés Gestoso segundo certificación emitida polo rexistro da propiedade.

Valoración: 2.502,90 euros.

TERCEIRO.- Declarar a necesidade de ocupación dos bens e dereitos relacionados e dar por incoado o correspondente expediente de expropiación forzosa.

CUARTO.- Publicar o acordo do Pleno durante un prazo de quince días no Taboleiro de Edictos do Concello, no BOP de A Coruña e nun xornal dos de maior tirada na provincia, con notificación persoal ós interesados; invitando ós mesmos para que propoñan un prezo que propicie a adquisición de mútuo acordo

Dona Xosefina R. Guitián do BNG pregunta se nestes meses dende que se aprobou a petición dun crédito para levar a cabo a expropiación se conseguiu algún acordo cos dous propietarios afectados

A Presidencia contéstalle que co Sr. Valdés se chegou o compromiso de que no momento da expropiación en lugar de cobrar a cantidade estipulada prefería que por parte do concello se lle arranxase unha mina de auga que existe na parcela

A Sra. Guitián, di que logo da explicación dada pola Presidencia, di que se vai abster dado que se ben entende que a finca debe revertir ó servizo público ó que se viña destinando, entende que despois da aprobación dos orzamentos e da concertación dunha operación de endebedamento para levar a cabo a expropiación, entende que non se fixo o suficiente esforzo negociador co Sr. López para evitar unha expropiación litigosa, dado que incluso cando se executaron as obras de construción de beirarrúas incluídas nun plan de Deputación non se lle solicitou autorización ó citado propietario, e iso, ó seu entender crea un mal precedente nas futuras expropiacións que puidese haber


O Sr. Alvela de TEGA di que pola súa parte se felicita porque o tema se resolva e que remate así, solicitando só unha aclaración sobre do acordo acadado co Sr. Valdés, dado que escoitou que este solicitaba non só ó arranxo da mina, ó que se referiu a Presidencia, senón tamén a construción dun muro de contención, e neste caso ó custo para o concello sería bastante máis elevado que a cantidade a percibir que figura no expediente; e en canto ó Sr. López Tato di que lle consta que se intentou negociar con él pero a súa intransigencia só permitiu esta solución

A Presidencia aclara que co Sr. Valdés só se negociou o arranxo da mina

O Pleno, con 12 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA, e 1 abstención do BNG, acorda aprobar a citada proposta

7º.- Ratificación de acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local sobre do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC 2008-2011), anualidade 2011

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día dezasete de agosto do ano que andamos, que di o seguinte:



"3º.- Acordo, se procede, sobre do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011

Dáse conta da bases modificadas reguladoras do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011 (BOP num. 123/10, do 1 de xullo)

Dáse conta asimesmo da circular remitida pola Excma. Deputación Provincial para a presentación das solicitudes para a anualidade 2011, xunto coa listaxe cos datos de adxudicación das obras deste concello incluídas no PCC 2008-2011, desagregando a baixa de licitación producida entre a Deputación e o Concello, como consecuencia da utilización do criterio de aplicación de baixas previsto na base 7.4

ACHEGA PROVIN ASIGNADA	ACHEGA PROVIN OBRAS XA APROB.	BAIXAS LICITAC. ACHEGA PROVINCIAL	ACHEGA PROVINCIAL APLICAB. ANUALIDADE 2011
409.741,18	409.701,24	20.618,89	20.658,83

A Xunta de Goberno, sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno, acorda:

1º.- Participar no Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
<i>Ampliación da rede de saneamento en Outeiro</i>	<i>39.866,03</i>	<i>19.207,20</i>	<i>20.658,83</i>

Aprobar o proxecto técnico da citada obra redactado polo arquitecto don Fernando Faya Martínez

2º.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra

3º.- Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento

4º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

5º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está o corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

6º.- Facultar ó Sr. Alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo."

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda ratificar o citado acordo.

8º.- Acordo, se procede, sobre redución das percepcións dos membros da corporación local



Dáse conta da proposta presentada polo grupo de goberno e tras debate sobre o dito tema infórmase favorablemente a prosta de redución dun 5% para todas as percepcións incluídas as asistencias a órganos colexiados corporativos.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada a proposta.

9º.- Acordo, se procede, sobre moción do grupo BNG para a retirada do canon da auga, recollido no Proxecto de Lei de Augas de Galicia

Dáse conta da moción conxunta do BNG, TEGA e PSdeG-PSOE sobre do citado proxecto de Lei de Augas de Galicia, en cuxa parte dispositiva propónse a adopción do seguinte acordo:

A devolución ou retirada deste proxecto de Lei de Augas de Galicia e a elaboración dun novo que cumpra co establecido na Directiva Marco da Auga, e garanta unha fiscalidade progresiva en Galicia, que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que inicialmente existía unha proposta do BNG e que a través do diálogo entre os grupos se conseguiu refundir nesta proposta conxunta.

Intervén dona Xosefina R. Guitián do BNG e explica o que supón este proxecto de lei que está encima da mesa do Parlamento, que sen intentar acadar medidas de aforro no consumo da auga, nin unha fiscalidade seria de cara ás grandes empresas, introduce un novo imposto indirecto que grava ó conxunto da poboación, incluso a que ata o de agora estaba exenta e que no rural afecta moi seriamente. Di que entende que non é unha forma de acadar un aforro no consumo da auga, que si se ten que gravar, pero que deberá existir unha moratoria neste casos nos que se fai un esforzo económico importante para abastecerse de auga e para eliminar os seus residuos


Por último di que se alegra de conseguir unha proposta conxunta entre os tres grupos.

O Sr. Alveta de TEGA di que lle parece moi oportuna a moción presentada polo BNG neste caso para poder coñecer este anteproxecto de lei, e di que por suposto votará a favor da proposta acadada entre os tres grupos

O Sr. Martínez di que vai absterse por coherencia xa que por un lado está de acordo en que de ningún xeito unha nova lei de augas poida supor un incremento da carga impositiva na situación actual de crise , pero tamén por descoñela.

Di tamén que a auga é un ben común e escaso e que calquera lei de augas vai ser un tema complexo e difícil para acadar un consenso entre todas as forzas políticas

O Sr. Sánchez di que realmente supón un incremento na carga impositiva, e que él tamén descoñece en profundidade o anteproxecto pero que existen dictames que o deixan en moi mal lugar, e que espera que o consenso acadado entres as tres forzas políticas serva para facer reflexionar ós promotores da iniciativa.



Posta a votación a citada proposta apróbase con 8 votos a favor do PSdeG-PSOE, TEGA e BNG e 5 abstencións do PP

10º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP relativa ó aprazamento da devolución das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009

Dáse conta da citada moción presentada polo PP na que se expón que segundo os cálculos realizados polo Goberno Central a Comunidade Autónoma de Galicia terá que devolverlle á Administración Xeral do Estado ó longo do períodoo 2011-2016, segundo o previsto na Lei 22/2009 unha cantidade aproximada de 2.562 millóns de euros.

Dado que as CCAA son as principais provedoras de servizos públicos fundamentais (sanidade, educación, servizos sociais, ...etc) que polas súas características fan especialmente difícil reducir o gasto público para a súa prestación e ademais desempeñan unha importante labor inversora esencial para manter os niveis de emprego nas actuais circunstancias económicas, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Manifestar a necesidade da revisión das condicións previstas na Disposición Adicional Cuarta da Lei 22/2009, pola que se regula o sistema de financiamento das CCAA de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, para a devolución das liquidacións negativas correspondentes aos exercicios orzamentarios de 2008 e 2009, vencellando o inicio desta devolución a unha taxa de crecemento positiva do PIB autonómico do 2% e alongando no tempo o prazo actualmente fixado para a devandita devolución alomenos ata as 10 anualidades.

2º.- Darlle traslado do presente acordo ó Goberno de España, a través da súa Vicepresidencia Segunda, a todos os Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia e nas Cortes Españolas e á Xunta de Galicia.

O Sr. Martínez do PP expón que basicamente as CC.AA son as encargadas de prestar os servizos fundamentais ós cidadáns: educación, sanidade, servizos sociais, ...etc, á vez que teñen unha labor inversora moi importante, e se isto se pon nun contexto da actual crise económica, onde con datos oficiais de cara ós orzamentos do vindeiro exercicio se reduce a capacidade de endebedamento por encima de 700 millóns de euros e se recadará 1.000 millóns menos, e por encima hai que devolver uns anticipos mal contabilizados no seu momento de 2584 millóns de euros nun prazo curto (ata 2016) o problema para seguir prestando os servizos públicos da súa competencia é complicado; problema que lle afecta tamén a este concello

Di que o BNG presentou unha emenda á moción e que o engadido no 1º punto " e asimesmo a que se garanta o mantemento ou incremento necesario naquelas partidas vinculadas ó gasto en servizos educativos, sanitarios ou de servizos sociais co obxectivo de manter a calidade de ditos servizos públicos básicos", lle parece moi acertado, pero que non pode estar de acordo ca engádega do punto 5º "Instar ó Goberno Central e á Xunta de Galicia a aprobar un novo modelo de financiamento autonómico baseado na plena soberanía fiscal, que conleve a responsabilización sobre os nosos recursos a través da territorialización completa dos tributos en Galicia, que abranga a súa recadación, xestión e capacidade normativa, contando para iso cunha Axencia Tributaria Galega"



O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que nunha reunión de voceiros celebrada antes desta sesión non foi posible chegar a un consenso, pois o seu grupo presentou unha proposta alternativa que nalgún tema ía máis alá da do PP, pero que á vista de que a moción do PP ía contar co apoio de TEGA retiran a súa, facendo dúas reflexións para todos os grupos políticos; a 1º é que se presentan moitas mocións de partido pero que non deixan de ser asuntos que están fóra das competencias do pleno, coas que se pretende facer política de forma sesgada, porque se din cousas e se omitan outras; e por outra banda o financiamento das CC.AA débátese en consenso entre o Estado e as CC.AA, e que se o acordo acadado para Galicia non é bo é debido a unha mala negociación

Di tamén que bota de menos que o PP non fala do financiamento dos concellos como se contemplaba no punto 3º da súa proposta “respaldar a proposta feita pola Fegamp ó Goberno da Xunta de Galicia para incrementar nun 12% os fondos incondicionados do Fondo Galego de Cooperación Local, segundo o acordado no Pacto Local.” e que o seu grupo vai absterse aínda recoñecendo o problema por oportunismo político.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que en moitos aspectos está totalmente de acordo co exposto polo Sr. Sánchez na súa intervención, porque efectivamente considera que a moción do PP é oportunista xa que existe consenso básico na lei de financiamento das CC.AA entre o PP e o PSdeG-PSOE, de feito tan básico é que aquí se fai referencia a unha D.A 4ª da lei que o PP nen sequera emendou no seu trámite parlamentario en Madrid.

Di tamén que efectivamente a devolución crea un problema grave pero o plantexamento do BNG é de solicitar un novo modelo de financiamento no que os impostos, senón todos, os máis importantes, se recaden en Galicia e se xestionen dende aquí.

Por último anuncia a súa abstención por coherencia porque efectivamente o problema hai que solucionar pero considera necesario engadir o punto 5º co que o PP está en desacordo

O Sr. Alvela de TEGA di que él interpreta que o que se solicita na moción do PP é unha prórroga na devolución que lle afecta tamén ó Concello de Vedra, e que se poderá discutir outro modelo de financiamento pero que na moción se solicita o aprazamento, e polo tanto non considera oportunismo político e vai votar a favor.

O Sr. Martínez do PP di que en canto é exposto pola voceira do BNG se poderá discutir un novo modelo de financiamento pero que na actualidade non é factible o da soberanía, porque Galicia segue sendo unha das comunidades que reciben máis, co que se perdería diñeiro, e en canto ó exposto polo Sr. Sánchez di que efectivamente se presentan mocións políticas pero neste caso tamén lle afecta a Vedra

Sométese a votación a moción do PP co engadido do BNG no punto 1º e o 3º do PSdeG-PSOE, quedando a súa parte dispositiva do seguinte xeito:

1º.- Manifestar a necesidade da revisión das condicións previstas na Disposición Adicional Cuarta da Lei 22/2009, pola que se regula o sistema de financiamento das CCAA de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican



determinadas normas tributarias, para a devolución das liquidacións negativas correspondentes ós exercicios orzamentarios de 2008 e 2009, vencellando o inicio desta devolución a unha taxa de crecemento positiva do PIB autonómico do 2% e alongando no tempo o prazo actualmente fixado para a devandita devolución alo menos ata as 10 anualidades, e asimismo a que se garanta o mantemento ou incremento necesario naquelas partidas vinculadas ó gasto en servizos educativos, sanitarios ou de servizos sociais co obxectivo de manter a calidade de ditos servizos públicos básicos.

2º.- Darlle traslado do presente acordo ó Goberno de España, a través da súa Vicepresidencia Segunda, a todos os Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia e nas Cortes Españolas e á Xunta de Galicia.

3º.- Respaldar a proposta feita pola Fegamp ó Goberno da Xunta de Galicia para incrementar nun 12% os fondos incondicionados do Fondo Galego de Cooperación Local, segundo o acordado no Pacto Local

O pleno, con 6 votos a favor do PP e TEGA e 7 abstencións do PSdeG-PSOE e BNG acorda aprobar a citada moción.

11º.- Acordo, se procede, sobre solicitude da Asociación de Veciños de Santa Cruz de Ribadulla, en función do establecido no artigo 24 do Regulamento de Participación veciñal, relativo ó desenvolvemento do SUD-7

Dáse conta do escrito núm. 1452, do 10 de setembro, presentada pola Asociación de Veciños de Santa Cruz de Ribadulla, no que solicitan que os grupos políticos adopten os acordos necesarios para desenvolver, coa maior urxencia posible, o Plan Parcial Dotacional Privado en Ribadulla, SUD-7, para poder realizar eles as obras de ampliación do cemiterio parroquial.

A Presidencia, en función do artigo 21 do Regulamento de Participación veciñal cédelle a palabra ó Sr. Presidente da AA.VV don Inocencio Álvarez, quen expón que se trata dun conflito que ven de fai moitos anos e que non é un problema político, senón social e de urxente necesidade, solicitando que se fagan as reunións, se é posible coa presenza da AA.VV, e se trate de acadar un acordo entre as partes afectadas e de non ser posible o acordo que o plan saia adiante, e que no vindeiro pleno se estudie o tema con carácter urxente.

Solicítalle ós grupos políticos o apoio e que as achegas que teña que facer o concello prioritariamente sexa o cemiterio

A Presidencia di que xa houbo varias reunións pero que non se puido chegar a un acordo entre as partes maioritarias que son A Igrexa e o Sr. Orosa, e que a partires do día 5 de outubro se convocará de novo unha reunión entre as partes, os grupos políticos, e a AA.VV.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a proposta de celebrar unha reunión coas partes afectadas.

12º.- Acordo, se procede, sobre solicitude da Asociación de Veciños de Santa Cruz de Ribadulla, en función do establecido no artigo 24 do Regulamento de Participación veciñal, relativo ó trazado da Vía da Prata



Dáse conta do dito escrito no que a Asociación de Veciños de Santa Cruz expón que mentras que a Xunta de Galicia marca un trazado do Camiño de Santiago ó seu paso pola parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, existe outro delimitado por fitos de pedra e simboloxía específica para esta rota que ven sendo o que os peregrinos seguen de xeito habitual, o cal dá lugar a confusións.

Intervén o Sr. Inocencio Álvarez, Presidente da AA.VV, en función do Regulamento de Participación Veciñal e expón que lle parece contradictorio que exista unha rota alternativoa que pasa por zonas urbanas e de posible construción que acarreen problemas a longo prazo.

Logo da súa intervención e á vista da proposta da Comisión Informativa o asunto retírase para estudo dos técnicos.

13º.- Contestación ás preguntas formuladas no Pleno anterior

Xa están todas contestadas

14º.-Rogos e preguntas

Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula dous rogos relacionados coa ludoteca municipal:

1º.- Que se coloque unha maia alta para cando os nenos xogan á pelota neste patio

2º.- Que se coloque un timbre na entrada do patio para poder avisar ós que están dentro, dado ademais que o buzón de correos está dentro.

O Sr. Alvela de TEGA roga que se presione á Consellería que corresponda, co apoio do PP, para que se acometan os proxectos pendentes de saneamento.


O Sr. Martínez Carrillo do PP fai dúas puntualizacións; por un lado di que apoia os pedimentos da AA.VV de Santa Cruz, cos que está totalmente de acordo e por outra banda e, en relación co rogo de TEGA, di que dende principios do ano xa veñen solicitando recursos para infraestructuras de saneamento e abastecemento en Vedra, e que lle consta que o Sr. Alcalde tamén fixo as súas xestións, e que se comprometeu a levar a cabo xa as obras de saneamento en Tomonde

A Presidencia di que na Festa da Augardente lle solicitou unha entrevista ó Sr. Conselleiro e que días despois recibiu e na mesma lle solicitou a execución dos tres proxectos pendentes presentados no ano 2005, comprometéndose a levar a cabo o 1º, que é o saneamento en Tomonde -Neira

De seguido o Sr. Martínez formula as seguintes preguntas:

1.- Cando se van arranxar os accesos á Casa de Cultura de San Xián?. Ten xa pozo con motor funcionando para o subministro de auga?

Solicito que se solucione estes temas á maior brevidade posible xa que dificultan, cando non impiden, a celebración de actividades neste local, e dada a altura do ano na que estamos faise moi necesario o seu uso por colectivos, veciños e asociacións



2.- Cando van poder proceder ó enganche os veciños de San Xián que contan coa rede de saneamento?

3.- No pleno pasado interesámonos polo lavadoiro de Quintáns que quedou enterrado debaixo das obras da estrada DP8203. Que xestións fixeron para recuperar o valor dese elemento patrimonial, e de ser o caso, do manantial?

4.- Cómo está o tema da última fase da estrada Vedra -Santa Lucía?

15ºº.- -Rogos e preguntas veciñais

Non se presentan

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos

